Las inversiones en bienes del inmovilizado intangible se valoran a su coste. Este es el "precio de adquisición", incluidos los impuestos indirectos no recuperables asociados a la compra, los costes de adquisición directamente relacionados con la compra y los de puesta en funcionamiento, en su caso, o el "coste de producción" en aquellos que han sido resultado de trabajos propios.

Con carácter general, se valoran a su coste, más los desembolsos posteriores, menos la amortización acumulada y las correcciones valorativas por deterioro.

Los elementos que integran el inmovilizado intangible serán objeto de amortización sistemática por el método lineal en función de la vida útil estimada de cada uno de ellos.

No constan en el balance existencias que deban valorarse de acuerdo con la Instrucción de Contabilidad vigente.

La clasificación entre corto y largo plazo se realiza teniendo en cuenta el plazo previsto para el vencimiento, enajenación o cancelación de las obligaciones y derechos. Se considera largo plazo cuando es superior a un año contado a partirde la fecha de cierre del ejercicio.

En el ejercicio 2021 se ha procedido a dicho reclasificación de la deuda (préstamos) de las diferentes operaciones.

El método seguido para dotar las provisiones por insolvencias es el procedimiento de dotación global, por lo que al final de cada ejercicio se realiza la estimación coincidente con el cálculo estimado para los derechos de dudoso cobro que se recogen en el Remanente Líquido de Tesorería del ejercicio.

El ayuntamiento no tiene activos en estado de venta.

Dáse conta do Informe de Secretaría-Intervención **“Informe Conta Xeral 2021”** de data 27 de Agosto de 2022 do seguinte teor literal:

De conformidade co establecido no artigo 200.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na Regra 88.1 da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do



Cod. Validación: 69NZ4CDGEYCZ9N7XQZHW42MCY | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 22

Modelo Normal de Contabilidade Local, procedeuse a formar a **Conta Xeral do exercicio económico de 2021**, en relación coa cal emítese o seguinte

**INFORME CONTA XERAL 2021**

**PRIMEIRO.** A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 22.2 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Os artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- As Regras 85 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Simplificado de Contabilidade Local.
- Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático que facilite a súa rendición.
- Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- A Orde A Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estructura dos orzamentos das entidades locais.

**SEGUNDO.** A Conta Xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumprir esa obrigación formal de render contas, se non que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario; é dicir, é o instrumento que permite á Corporación e os administrados coñecer qué se fixo durante un exercicio orzamentario, permite controlar o uso e destino que se deu a un volume máis ou menos importante de fondos públicos; é, en definitiva, un mecanismo de control.

**TERCEIRO.** A Conta Xeral das Entidades Locais estará integrada por:

- A da propia Entidade.
- A dos seus Organismos Autónomos.
- As Contas das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade da mesma.



Cod. Validación: 69NZ4CDGEYCZ9N7XQZHW42MCY | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 22

**CUARTO.** A Conta Xeral da Entidade e a dos seus Organismos Autónomos está integrada por toda a documentación esixida pola Normativa vixente, segundo o detalle e o contido que se sinala a continuación:

- Balance.
- A Conta do resultado económico-patrimonial.
- estado de Liquidación do Orzamento.
- A Memoria.

Ás contas anuais da propia Entidade Local e de cada un dos organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.
- En caso de que o Pleno da Corporación así o establecese, á Conta Xeral acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que determinase.

**QUINTO.** Achégase ao presente informe de Intervención, o Balance, a Conta do Resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria, segundo os Modelos e co contido regulado na a Cuarta parte «Contas Anuais» do Anexo da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

Esta documentación poderá ser presentada en soporte informático tal e como establece a Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, polo que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático, que facilite a súa rendición e a Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.

De acordo con todo elo, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral do exercizo 2021 así formada, por esta Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Cumpre insistir que nos termos das reglas 102.4 da Orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro (Instrucción do modelo normal de contabilidade local) "a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización de esta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectadas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas".

Cod. Validación: 69NZ4CDGEYCZ9N7XQZHW42MCY | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 22

De acordo con todo iso, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral así formada, por esta Secretaría-Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

En Ares, a 22 de xuño do 2022.

O Secretario,

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que este punto é como se desenvolveu a execución do gasto no ano 2021, polo que incorpora a parte orzamentaria e a que se executou máis as modificacións de crédito que se foron incorporando ao longo do ano para reflectir o gasto efectivo porque o orzamento non o reflexa, o orzamento habilita gasto pero logo o gasto executase ou non executase, ou executase de maneira diferente si hai modificacións orzamentarias.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán sinalando que a conta xeral é unha cousa do goberno municipal e polo tanto o noso voto vai a ser en contra, xa que foi o goberno quen o executou.

Sometida a votación a aprobación a " **Aprobación se procede da conta xeral 2021 "**, o Pleno do Concello por, 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) e 5 contra (3 do PP, 2 do BNG) acorda a súa aprobación.

**Punto núm. 7.- PMP e Morosidade segundo trimestre 2022.**

Dáse conta do informe do PMP e informe morosidade 2ª trimestre de 2022 de data 23 de xullo do seguinte teor literal:

**DETALLE DEL INFORME PMP**

[1]. Ares

Ratio operaciones pagadas: 29,29

Importe pagos realizados: 1.540.995,97€

Ratio operaciones pendientes: 38,14

Importe pagos pendientes: 360.654,75€

PMP:

**PMP Global:**

Importe pagos realizados: 1.540.995,75€

Importe pagos pendientes: 360.654,75 €



Cod. Validación: 69NZ4CDGEYCZ9N7XQZHW42MCY | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 22

PMP: 31,05 días

Dáse conta do informe de morosidade do 2° trimestre de data 22 de xullo que a continuación se transcribe;

**Pagos realizados durante o trimestre**

Dentro do Período legal de Pago 1.201.019,21€

Fora do Período legal de Pago 343.037,46€

**Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre**

Dentro do período legal de pago a final do trimestre 460.564,32€

Fora do período legal pago a final do trimestre 173.875,54€

O Concello Pleno dáse por enterado

**Punto núm. 8.- Dar conta das resolución adoptadas pola alcaldía.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da ´´última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

**Punto núm 8.- Mocións-Proposta**

Non hai

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Non hai

**Punto núm 7.- Rogos e preguntas.**

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Maria Carmen Brage Otero facendo referencia a alegación presentada por D. Francisco Seco Penedo-BNG, damos por feito que o Sr. Secretario xa informo esa alegación

Responde o Sr. Alcalde manifestando que na xunta de voceiros se dixo que había que levala a comisión informativa.

Toma a palabra a Sra. Maria Carmen Brage Otero dicindo que é unha alegación.



Cod. Validación: 69NZ4CDGEYCZ9N7XQZHW42MCY | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 22

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero ten que ir a comisión informativa.

Intervén novamente a Sra. María Carmen Brage Otero preguntando si o Sr. Secretario está de acordo.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que todo o que vai a pleno ten que ir a comisión informativa.

Intervén novamente a Sra. María Carmen Brage Otero preguntando si se está a aplicar esa ordenanza.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, está aprobada.

Intervén a Sra. María Carmen Brage Otero sinalando que si hai unha alegación non se pode aplicar.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que a alegación é a modificación, non a ordenanza que é a que se está aplicando, a ordenanza aprobouse fai dous anos.

Remata a voceira do BNG a súa intervención, o Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia a cinco resolución, a primeira é a 336/22 licenza Rúa Anxos 83, a licenza do bar que se presentou.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que esta resolución é de 22 xullo cando se solicitou.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández sobre a resolución 370/22 sobre unha sanción dun negocio na praia A Campa, un negocio que se lle abriu un expediente por meter un grifo de cervexa e algo máis.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que esa é a apertura do expediente, nomeando o instrutor se lle notifica ao interesado e se lle da un prazo para que faga alegacións.

En canto as resolucións 381/22 é de dous facturas Musicarte- Rey Saavedra e a 382/22 que é de Punta Centeás S.L. importe 1650€ quería saber os conceptos.

Responde a Sra. Barrón Ferro sinalando que a factura de Musicarte é a factura correspondente a rede cultural de deputación, virabai espectáculo de país e nenos que se fixo no Parque Rosalía.

Cod. Validación: 69NZ4CDGEYCZ9N7XQZHW42MCY | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 22

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que a factura de Punta Centeás S.L. debe ser da rondalla e da banda Suíza que veu a tocar.

Toma palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando que é iso de Punta Centeás S.L.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é o Bar Avenida.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde manifestando que debe ser a comida é a cena, na cena participaron todos a rondalla e a banda Suíza e na comida os quince suízos, é o tema do hermanamento aquilo que se interrompeu coa pandemia e agora se retomou, os suízos volveron e temos unha reunión con eles co Alcalde de Basilea.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando pola resolución 382/22 onde se lle asignan 120€ ao Coordinador de Obras e ao Coordinador de Protección Civil, queríamos saber cal é o motivo porque a o Coordinador de Protección Civil xa se lle dera unha asignación.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que se lle dera como Coordinador de Protección Civil, o Coordinador de Obras e o Coordinador de Protección Civil coa RPT perderon a dispoñibilidade pero na realidade a seguen tendo e pasa calquera cousa e son aos que chamas, despois de varios anos estableceron a situación de que teñen dispoñibilidade e na RPT a perderon, pero cando hai un bache se lles chama e van a poñer un con, si hai unha árbore perigoso van a cortar o árbore entón ben, si que é certo que o Coordinador de Protección Civil cobra como coordinador de feito estivo todo o fin de semana no mar coa regata polo tanto, é a especial dispoñibilidade que están tendo en realidade pero non se lles está abonando porque se lles quito coa RPT entón ben, o complemento é temporal e transitorio porque mañá ben outro Alcalde e pon a outros con dispoñibilidade eu aí non entro, eu aos que chamo son aos dous e son os que me responden isto non condiciona a que chegue outro e queira que a dispoñibilidade a teñan outros traballadores, isto é un complemento temporal e transitorio e o único que fai e reflectir esa realidade, porque cando pasa algo a quen chamas pois hai dous que se prestan cae un árbore desaparece unha persoa, calquera cousa.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando pola resolución 383/22 sobre un recheo en Chanteiro.

Cod. Validación: 69NZ4CDGEYCZ9N7XQZHW42MCY | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 22

Responde o Sr. Alcalde dicindo que sería alguén que fixo un momento de terra sen licenza e rústico, aquí di "recheo e grandes movementos de terra carecendo de título habilítante"aquí non se poden facer movementos de terra porque un quere.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non, pero a pregunta é que pretendía facendo este recheo en terreo rústico.

Responde o Sr. Vilar Rico sinalando que isto é ao lado do lavadoiro do Outeiro, o que fixo foi pechar, construír un muro de contención e veu aquí a renunciar o recheo da estrada da Deputación entón foron por alí os técnicos e viron todo o que fixo, pechou, fixo dous niveis diferentes, montou unha caseta e fixo un pozo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que isto está controlado.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que na Festa Indiana houbo que anular un dos concertos.

Interrompe o Sr. Alcalde dicindo que un non, houbo que suspender dous.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando si tiñan seguro.

Intervén a Sra. Barrón Ferro dicindo que si hai seguro e xa están reclamados os danos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que reclamouse o seguro do instrumental e da actuación, o técnico montou mal o cadro e estropeou a amplificación e a mesa de son.

Toma a palabra a Sra. Barrón Ferro explicando que a factura a temos que pagar nós e logo o seguro a paga na súa totalidade.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando quen se encarga de atender as cabras, saen e entran soas ou como é a cousa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que ninguén, saen e entran soas, lles damos comida e agora temos que empezar co rabaño, de momento temos un macho e catro femias pero cando se aprobe o plan de usos de Montefaro dentro dese plan de usos vai a poligonar o que é o monte para proceder a unha limpeza efectivamente con cabra galaica, entón loxicamente é adecuada ter un pequeno rabaño, xa está totalmente aclimatado, totalmente pechado, eles xa están desbrozando e limpando a Mercé porque a Mercé efectivamente en inverno non é o mesmo que en verán aí vai ser onde van a estar, colocouse un portal traseiro entón ben, cando se



Cod. Validación: 69NZ4CDGEYCZ9N7XQZHW42MCY | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 22

polígono todo o que é Montefaro, entraran e saldrán polo portal traseiro para proceder a limpeza, entón ben está se recollendo a biomasa forestal, a biomasa son o resto das podas e das talas, as cabras non comen ramas de árbores pero si comen vexetación, silveiras, rastroxos pero unha cousa e que se limpe a biomasa e outra cousa é que recién feita a tala hai unha obrigación de deixar os restos da tala no monte para que si chove non arrastre a terra, despois de talar a terra queda sen a protección que tiña dos árbores e si se levan a biomasa nada máis talar nas primeiras choivas arrastran a capa fértil entón, é adecuado que todos eses restos se deixen no monte un tempo e logo efectivamente se recollan e logo loxicamente nacen os rastroxos e iso é o que é perigoso para os incendios entón ben, a cabra galaica a idea é introducila en Montefaro como bombeiros ecolóxicos que é unha limpeza progresiva e paulatina, cinco cabras pouco van a facer.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que agora hai máquinas.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que entre árbores e pendentes non hai máquina que entre, o estudamos de mil maneiras e non hai forma, en pendente e con moitos árbores hai que meter cabras.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que os maderistas cando cortan desbrozan, eu vin unha máquina que o tritura e iso está moi ben, habería que obrigarlles que no momento que talen trituren.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que lles obrigan porque hai empresas interesadas na biomasa para facer derivados entón, quen non vai a vender a biomasa algo ten que facer, polo xeral meten unha máquina con martelos que esnaquiza absolutamente todo pero hai quen vende a biomasa a venden e van para peles. Pero ben, o das cabras galegas nalgún momento teríamos que empezar con ese proxecto, de momento están na Mercé, comen na Mercé e van limpando, pero a miña idea é facer polígonos en Montefaro con pastores eléctricos e soltalas nun polígono segundo digan os técnicos, aquí unha semana, aquí outra e que vaian limpando o monte abaixo e esa é a maneira de introducir unha raza autóctona no seu entorno, a cabra galaica estaba polos montes galegos, ao principio había que ir para sacalas e metelas pero agora só se lles deixa comida, elas comen fora pero teñen que ter un complemento de alimentación e se acostumaron en seguida pero algunha quere saír e monta cada unha tremenda enganchan os cornos nos fíos pero co tempo aprenden que só se sae cando a porta está aberta, pero a idea é que entre e salgan soas. Estamos preocupados, porque os cazadores



Cod. Validación: 69NZ4CDGEYCZ9N7XQZHW42MCY | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 22

están usando aceite queimado para o xabalí o botan onde lles da a gana o botaron no Bordocedo e fixeron unha charca o que está pasando é de broma, fai tres semanas mataron un xabalí e o deixaron tirado ao sol pudrendo cando está prohibido a caza é outra cousa, pero esa é unha zoa libre de caza e creo que temos que loitar para que non o sexa porque aquí ven a cazar calquera, hai danos e non sabemos quen os fai.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que antes había coto, pero houbo moitos líos, os veciños/as de Chanteiro levantáronse polo coto.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que antes co coto sabías quen era o responsable, agora Ares zoa libre de caza, meten tiros e non sabes que é, antes o que pasaba no coto o responsable era a dirección do coto, agora votan aceite, chove e iso vai a Xunqueira e iso non se pode permitir, tiran tiros por onde queren e sen saber quen son. Eu teño pasado por Montefaro e aquilo é un mundo, tres cans de caza cada un por un lado, xa non lle sentías falar e aquilo daba medo porque si pasa un xabali lévanche por diante, os escoitas cada vez máis preto e como vai un xabalí diante ala vas, é moi complicado pero ben, de momento non temos plan de usos cando teñamos plan de usos iso todo ten que regularse entón, é fundamental a ordenación dese monte para evitar abusos alí hai unhas sobreiras que non sei si serán centenarios ou non, eu vou cada dous semanas a velo por si un maderista os leva por diante, porque van a cortar os ven e os levan, esas sobreiras teñen cortiza vese perfectamente e hai xente que corta e non respecta nada iso é un perigo, hai maderistas que respectan e logo hai auténticos animais, cortan sen licenza, cortan de máis, sen licenza e si os collen din que se equivocaron é dicir, hai piratas como hai piratas no mar, na política e en todas as actividades, cortaron os eucaplitus do cruceiro e estaban na vía pública, eses eucaliptus contendían o cómaro, é moi complicado lles sae mellor pagar a multa porque sacan máis coa madeira.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a Policía Local tiñan que facer un percorrido todos os días.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que necesitamos un instrumento que é un plan de usos entón ben, as cabras obedecen a recuperar unha especia autóctona nun entorno propio deles en Montefaro e que axuden a mantelo limpo.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.



Cod. Validación: 69NZ4CDGEYCZ9N7XQZHW42MCY | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 22

*Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente*

*Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor*

Cod. Validación: 69NZ4CDGEYCZ9N7XQZHW42MCY | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 22